

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 16 de decembro de 2011.

Neste proxecto introducíronse lixeiras modificacións, que se recollen no documento anexo enviado polo organismo responsable, e comunicadas na reunión do pleno do Consello Galego de Estatística do día 12 de decembro de 2014.

Modificacións do proxecto técnico da operación 31-203

Explotación do rexistro de gando bovino

En relación co proxecto técnico da operación estatística Explotación do rexistro de gando bovino, cómpre facer as seguintes modificacións:

Na sección 2, dicía: «As unidades a investigar son as explotacións de gando bovino das diferentes tipoloxías (carne, leite, cebo, cebo autoconsumo), tanto industriais como familiares que teñan polo menos un bovino.»

Debe dicir: «As unidades a investigar son as explotacións de gando bovino das diferentes tipoloxías (carne, leite, cebo, cebo autoconsumo), tanto industriais como familiares que están de alta no REGA.»

Na sección 5, dicía: «Explotacións: representa todas aquelas explotacións de bovino dadas de alta e con algún efectivo no momento da extracción dos datos.»

Debe dicir: «Explotación de vacún: representa todas aquelas explotacións de bovino dadas de alta no REGA.»

Engádese a seguinte nova definición: «Explotación con vacas: aquela explotación de bovino de alta no REGA, que ten cando menos unha femia bovina maior de 26 meses de idade que xeralmente pariron algunha vez.»

Na sección 6, dicía: >200. Debe dicir «200 e máis»

Nesta mesma sección na táboa Estructura e composición dos efectivos de bovino por municipios dicía: «Número de explotacións». Debe dicir: «Número de explotacións: explotacións de vacún e explotacións con vacas»

31-203 Explotación do rexistro de gando bovino

PROXECTO TÉCNICO

1. Normativa e organización

A regulación da identificación e o rexistro de animais ven establecida pola Directiva 92/102/CEE do Consello de 27 de novembro de 1992.

Esta directiva foi incorporada ao ordenamento xurídico español polo Real Decreto 205/1996 de 9 de febreiro polo que se establece un sistema de identificación e rexistro das especies bovina, porcina, ovina e caprina, obrigando a dispoñer de listas actualizadas das explotacións das citadas especies, onde se conteñan os seus datos básicos.

Por outra banda, a Lei 8/2003, de 24 de abril, de sanidade animal, establece, no apartado 1 do artículo 38, que todas as explotacións animais deben estar rexistradas na comunidade autónoma na que radiquen e os datos básicos destes rexistros serán incluídos nun rexistro nacional de carácter informativo.

Posteriormente, o Real Decreto 479/2004, que desenvolve regulamentariamente a lei anterior, establece e regula o *Registro General de Explotaciones Ganaderas* (REGA). Nel asúmense os rexistros previamente existentes (bovino, porcino, avicultura de posta e apicultura) e engádesse á lista das especies que deben posuír un rexistro de explotacións o ovino, caprino, équidos, todas as aves de curral (galiñas, pavos, pintadas, patos, ocas, paspallás, pombas, faisáns, perdices e aves corredoras), cunicultura (coellos e lebres), especies peleteiras e especies cinexéticas de caza maior.

Neste Real Decreto establececese a estrutura e contidos básicos do *Registro General de Explotaciones Ganaderas*, así coma as obrigas dos titulares das explotacións en relación cos rexistros das autoridades competentes das comunidades autónomas, o código de identificación que estas deben asignar a cada explotación, así coma a relación dos citados rexistros co *Registro General de Explotaciones Ganaderas*.

O REGA está adscrito á *Dirección General de Recursos Agrícolas y Ganaderos* do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (MARM) e incluírá os datos obrantes nos rexistros xestionados polos órganos competentes das comunidades autónomas.

Organización

O órgano encargado da creación e mantemento do REGA, na Comunidade Autónoma de Galicia é a Consellería do Medio Rural, a través da súa Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

A explotación estatística do rexistro realizarase dende o Servicio de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións da Consellería do Medio Rural. Esta operación figura incluída no inventario de operacións estatísticas da administración xeral.

2. Unidades estatísticas

As unidades a investigar son as explotacións de gando bovino das diferentes tipoloxías (carne, leite, cebo, cebo autoconsumo), tanto industriais como familiares que teñan polo menos un bovino.

O ámbito xeográfico é a Comunidade Autónoma de Galicia e proporciónase información para Galicia, provincias, comarcas e concellos.

3. Variables

Número de bovinos da explotación

Os animais de bovino clasifícanse en vacas de muxidura *ou de leite*, vacas de non muxidura *ou de carne* e outros bovinos.

A clasificación de vacas en “muxidura” e “non muxidura” faise atendendo ao criterio de aptitude na explotación (leite/carne), independentemente do tipo de explotación.

Vacas de muxidura ou de leite: representa o número de femias bovinas maiores de 26 meses de idade e que, xeralmente, pariron algunha vez e que se moxen habitualmente.

Vacas de non muxidura ou de carne: representa o número de femias bovinas maiores de 26 meses de idade e que, xeralmente, pariron algunha vez e que nunca se moxen.

Outros animais: representa o número animais de calquera sexo ou tipoloxía menores de 26 meses e os machos bovinos maiores de 26 meses existentes na explotación.

Para cada explotación incluída no rexistro, ademais determinaranse as seguintes variables:

Parroquia: indica a parroquia na que se atopan as instalacións da explotación. Emprégase o código da parroquia do SITGA

Concello: indica o concello no que se atopan as instalacións da explotación. Emprégase o código de concello do INE

4. Procesamento de datos

A explotación estatística do rexistro realizarase dende o Servicio de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións da Consellería do Medio Rural e os datos almacenaranse nunha base de datos en formato Access. A estrutura desta base de datos estará constituída polos seguintes campos:

Código de explotación

DNI/CIF titular

Nome e apelidos titular/Razón social

Provincia titular

Concello titular

Enderezo titular

Teléfono

Enderezo explotación

Parroquia explotación

Concello explotación

Clasificación zootécnica segundo a orientación comercial da explotación. Esta clasificación é diferente ao tipo de explotación.

Vacas de muxidura

Vacas de non muxidura

Outros animais

Coordenadas da explotación en UTM

A actualización realizarase anualmente, sendo a data de referencia o mes de xuño.

A depuración dos microdatos será manual, cotexando a información coa do ano anterior e revisando aqueles casos nos que se atopen discrepancias importantes. Neses casos, de ser necesario, contactarase co titular da explotación para facer a comprobación pertinente.

Como non se prevé a ausencia de datos, non se considera necesario realizar ningún tipo de imputación.

5. Deseño da explotación de datos do rexistro

As variables a presentar como resultado da explotación serán as seguintes:

Explotacións: representa todas aquelas explotacións de bovino dadas de alta e con algún efectivo no momento da extracción dos datos.

Número de vacas de muxidura ou de leite: representa o número de femias bovinas maiores de 26 meses de idade e que, xeralmente, pariron algunha vez e que se moxen habitualmente.

Número de vacas de non muxidura ou de carne: representa o número de femias bovinas maiores de 26 meses de idade e que, xeralmente, pariron algunha vez e que nunca se moxen.

Número de outros animais: representa o número animais de calquera sexo ou tipoloxía, menores de 26 meses e machos de mais de 26 meses, existentes na explotación.

Os datos presentaranse agrupados a tres niveis: provincial, comarcal e municipal, *sempre respectando o segredo estatístico*.

Para cada un deses niveis obterase a seguinte información:

- ✓ Número total de vacas de muxidura.
- ✓ Número total de vacas de non muxidura.
- ✓ Número total de outros animais
- ✓ Número de explotacións totais
- ✓ Número de explotacións por tipo de explotación

Deste xeito terase unha idea clara da distribución xeográfica das diferentes explotacións existentes.

Neste caso os datos que se faciliten serán sempre definitivos, non procede a obtención de datos avance nin provisionais.

6. Presentación de resultados

A estratificación das explotacións faise en función do número bovinos presentes na explotación atendendo o seguinte criterio:

1 - 9	bovinos
10 - 19	“
20 - 29	“
30 - 49	“
50 - 99	“
100 - 199	“
>200	“

Na páxina web preséntase a seguinte información por provincia e estratos agrupados en táboas que teñen os seguintes campos:

Estrutura do sector bovino por tamaño da explotación;

Número de explotacións, número de vacas e media de vacas por explotación.

Distribución dos efectivos gandeiros por aptitude produtiva e tamaño da explotación;

Número de explotacións, número de vacas de leite ou muxidura e de carne ou de non muxidura e porcentaxe por estrato.

Estrutura do sector bovino segundo a aptitude produtiva dos efectivos gandeiros;

Numero de explotacións con predominio de vacas de muxidura ou de leite, non muxidura ou de carne e con igual número.

Estrutura e composición dos efectivos de bovino por municipios;

Número de explotacións.

Número bovinos: muxidura ou de leite e non muxidura ou de carne, outros bovinos.

Total animais.

Media de animais por explotación.